CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Telf.: 981 857032
Fax: 981 857251

ACTA Nº 2021/5

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN

PRESIDE:
JUAN MANUEL SABORIDO RAMA
ASISTEN:
PSOE
MARÍA MERCEDES NOCEDA GÓMEZ
SANDRA FERNÁNDEZ SIABA
RAFAEL ANTONIO RIVEIRO PIÑEIRO
JOSÉ MANUEL GONZÁLEZ REY
PP
AGUSTÍN MANUEL GONZÁLEZ DOSIL
JOSÉ ELISARDO GARCÍA LAGO
PEDRO LADO RIVEIRO
BNG
MARÍA BELÉN CAMPOS DÍAZ
MARÍA PILAR TUBÍO LARIÑO
MANUEL MÁXIMO SOUTO BARREIRO
SECRETARIO
JOSÉ LUIS VEIGA SIERRA

No Salón de sesións da Casa do Concello de Carnota, ás 20:00 horas do día 2 de setembro de 2021, baixo a presidencia do alcalde, reúnense os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia do secretario que subscribe, co obxecto de celebrar a Sesión Ordinaria do Pleno da Corporación, conforme ao réxime de sesións acordado polo Pleno en cumprimento do establecido no artigo 46.1 daLei7/1985,LBRL, correspondendo a celebración de sesión ordinaria o último xoves do mes de xullo e por acordo dos grupos políticos posponse a sesión ata que houbese asuntos a tratar e acórdase celebrala o día 2 de setembro, mantendo o carácter ordinario.

Comprobada a existencia de quórum suficiente e o cumprimento dos demais requisitos formais legalmente esixidos para a válida celebración do acto, o Presidente declara aberta a sesión, procedéndose a tratar os diversos asuntos incluídos na orde do día que se incluíron na convocatoria.

FIRMADO POR José Luis Veiga Sierra (FECHA: 05/01/2022 09:57:00) , Juan Manuel Saborido Rama (FECHA: 05/01/2022 11:54:00)
Versión imprimible
CVD: SUsUdYbNLS8ARlLbCUuv
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Telf.: 981 857032
Fax: 981 857251

I. DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS.

1. R.E. 202190000004545 do 04/08/2021. Declaración institucional sobre os discursos de odio

Declaración Institucional sobre os discursos de odio

Os discursos de odio poden definirse como calquera forma de comunicación de palabra, por escrito ou a través do comportamentos, que constitúan un ataque, utilizando unha linguaxe pexorativa ou discriminatoria por razón de relixión, orixe étnico, nacionalidade, raza, cor, clase social, sexo, xénero ou calquera outro factor de identidade.

É obvio que os discursos de odio teñen a súa orixe na intolerancia, na non aceptación da diferenza, e que repercuten negativamente no clima social e polo tanto teñen consecuencias: non son inocuos, polo que afectan gravemente á convivencia.

Debemos polo tanto rexeitar o preocupante incremento que vemos nos últimos anos dos delitos contra a integridade das persoas, baseados no sinalamento excluínte da diferenza, e que moitas veces, atopan amparo ou teñen orixe nos discursos de organizacións políticas, sociais ou persoeiros públicos.

A protección dos dereitos humanos, a prevención da violencia e a loita contra todo tipo de violencias e discriminacións, precisa dun compromiso claro por parte de todas as forzas políticas no rexeitamento, na non xustificación e por suposto na non utilización dos chamados discursos de odio.

Polo tanto a loita pola igualdade, por conseguir unha sociedade máis xusta, inclusiva, diversa e tolerante, non será posible se non erradicamos do debate social e político os discursos de odio.

Tendo en conta o exposto, os grupos provinciais propoñemos

1. Que dende todos os grupos políticos da Deputación se faga de xeito unánime á firme condena de todo tipo de atentados contra a vida das persoas, sen cuestionar, amparar ou xustificar as circunstancias persoais das vítimas.

2. Condenar e rexeitar os discursos que pola súa natureza ou contido alentan a discriminación ou trato diferenciado por razón de sexo, xénero, raza, procedencia, etnia, posición social, etc. e que poden contribuír á xustificación de actitudes sexistas, homófobas, xenófobas, etc que non deben ter cabida na nosa sociedade.

3. Promover que en cantos programas, actos, campañas que dependan directamente da Deputación Provincial, conteñan valores compatibles coa igualdade, o respecto á diferenza e á diversidade.

FIRMADO POR José Luis Veiga Sierra (FECHA: 05/01/2022 09:57:00) , Juan Manuel Saborido Rama (FECHA: 05/01/2022 11:54:00)
Versión imprimible
CVD: SUsUdYbNLS8ARlLbCUuv
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Telf.: 981 857032
Fax: 981 857251

4. Dar traslado de esta declaración ao resto de institucións públicas de carácter estatal, autonómico e municipal, a fin de que poidan sumarse á mesma e atallar entre todas a proliferación dos discursos de odio na esfera pública.

II. PARTE RESOLUTIVA

1. Aprobación, se procede, da Acta da sesión anterior.

De acordo co previsto no artigo 91 do Real Decreto 2568/1986, ROF, pregunta o presidente se algún membro da Corporación desexa facer algunha observación con respecto á acta da sesión anterior (n.°2021/4 do 27/05/2021) que se entregou coa convocatoria.

Non se realizan observacións, polo que se considera aprobada a Acta por unanimidade.

2. Aprobación da conta xeral 2020.

Vista a Conta Xeral do exercicio 2020, xunto con toda a súa documentación anexa á mesma, segundo a lexislación vixente.

Visto que a Intervención municipal procedeu a emitir os correspondentes informes en relación á aprobación da Conta Xeral.

Visto que con posterioridade, a Comisión Especial de Contas do Concello en sesión celebrada o 25/05/2021 emitiu o correspondente informe preceptivo en relación á Conta Xeral desta Corporación relativo ao exercicio 2021 en sentido favorable.

Visto que mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia número 107 de data 09/06/2021 a Conta Xeral -xuntamente co expediente tramitado- foron obxecto de exposición ao público durante o prazo de quince días, durante os cales, os interesados puideron presentar reclamacións, reparos ou observacións.

Visto que de conformidade co contido da certificación librada polo Secretario da Corporación, durante o prazo anteriormente expresado non se presentaron alegacións.

Visto o informe da Comisión Especial de Contas, e de conformidade co disposto no artigo 22.2.e) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, o Pleno, adopta por unanimidade o seguinte

ACORDO

PRIMEIRO.- Aprobar a Conta Xeral do Exercicio 2020, comprendido exclusivamente pola Conta Xeral do propio Concello de Carnota.

SEGUNDO.- Remitir a Conta Xeral aprobada xunto con toda a documentación que a integra á fiscalización do Tribunal de Contas e Consello de Contas de Galicia, tal e como se establece no artigo 212.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e, en cumprimento dos mandatos da Lei Orgánica

FIRMADO POR José Luis Veiga Sierra (FECHA: 05/01/2022 09:57:00) , Juan Manuel Saborido Rama (FECHA: 05/01/2022 11:54:00)
Versión imprimible
CVD: SUsUdYbNLS8ARlLbCUuv
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Telf.: 981 857032
Fax: 981 857251

2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, e demais normativa concordante, ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

Na quenda de intervencións a concelleira do BNG, María Pilar Tubío Lariño, indica que o seu grupo solicitou unha aclaración xa na Comisión de Contas sobre a partida de 110.000,00 €, do campo de fútbol de Lariño, de gastos correntes. Transmite que o secretario lles explicou que se fixera unha modificación de crédito nesa partida. A concelleira sinala que foi pedida a modificación de crédito pero que non está. Indica que solicitaron unha cita co secretario e anuncia unha abstención do seu grupo, porque as explicacións dadas non lles convenceron e non teñen o asunto claro.

Non habendo máis intervencións, polo Presidente sométese a proposta a votación, co seguinte resultado:

Votos a favor: 8 (5 do grupo do do PsdeG-PSOE e 3 do grupo do PP).
Votos en contra: 0
Abstencións: 3 do grupo do BNG

Consecuentemente, o presidente declara aprobada a proposta por maioría absoluta.

3. Aprobación 2ª fase do POS+ADICIONAL 2 /2021.

Vistas as bases reguladoras do Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos) POS+2021, publicadas no BOP núm. 205 do 1 de decembro de 2020, cuxas bases foron modificadas por acordo plenario do 30 de decembro e publicadas no BOP número 225 do 31 de decembro de 2020.

Coa finalidade de realizar unha maior achega provincial ao POS+2021, no expediente de modificación de créditos 2/2021, aprobado polo Pleno da Deputación o 26/03/2021, consignouse a este concello a cantidade total de 184.565,40€

De conformidade coas bases da convocatoria por resolución da alcaldía do 28/06/2021 acordouse participar na 1ª fase do POS+adicional 2a/2021, confirmando a aplicación da maior achega provincial asignada ao financiamento dos investimentos financeiramente sostibles que xa tiña incluídos no Plan Complementario ao POS+2021, tal como se indica a continuación:

Investimentos financeiramente sostibles xa incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2021	**Financiamento dos investimentos**		
	Deputación	**Concello**	**Orzamento total**
Saneamento e pavimentación en Estañeiras	66.303,80	0	66.303,80
Rueiro interior en O Pindo	94.222,49	0	94.222,49
TOTAL	160.526,29	0	160.526,29

FIRMADO POR José Luis Veiga Sierra (FECHA: 05/01/2022 09:57:00) , Juan Manuel Saborido Rama (FECHA: 05/01/2022 11:54:00)
Versión imprimible
CVD: SUsUdYbNLS8ARlLbCUuv
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Telf.: 981 857032
Fax: 981 857251

Polo exposto o Pleno da Corporación acorda:

1.- Participar na 2ª Fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) Adicional 2/2021 da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, solicitando a aplicación do resto da maior achega provincial asignada non utilizada na 1ª Fase, aos investimentos financeiramente sostibles que se indican a continuación, e aprobar os correspondentes proxectos de obras ou pregos das subministracións:

Investimentos financeiramente sostibles	**Financiamento dos investimentos**		
2ª Fase POS+ Adicional 2/2021	**Deputación**	**Concello**	**Orzamento total**
SANEAMENTO E PLUVIAIS EN CALDEBARCOS	24.039,11	31.843,41	55.882,52
TOTAL	24.039,11	31.843,41	55.882,52

Maior achega provincial asignada ao concello	184.565,40
Maior achega provincial aplicada na 1ª Fase	160.526,29
Maior achega provincial aplicada na 2ª Fase	24.039,11

2.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

3.- Declarar que o concello ten crédito, e de ser o caso, que se compromete a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios, para facer fronte á achega municipal aos investimentos financeiramente sostibles incluídos na 2ª Fase do POS+ Adicional 2/2021, se o concello voluntariamente realiza algunha achega ao seu financiamento.

4.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

5.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións,

FIRMADO POR José Luis Veiga Sierra (FECHA: 05/01/2022 09:57:00) , Juan Manuel Saborido Rama (FECHA: 05/01/2022 11:54:00)
Versión imprimible
CVD: SUsUdYbNLS8ARlLbCUuv
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Telf.: 981 857032
Fax: 981 857251

achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

6.- Autorizase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

7.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente."

Na quenda de intervencións a presidencia sinala que neste POS do 2021, contando co adicional, se van executar 6 obras en total. Así mesmo, trasládalle, que como xa indicara anteriormente, tal e como se pode comprobar na acta dun Pleno anterior, que este ano ía haber POS adicional, pero que os diferentes grupos non confiaron na súa palabra e incluso se comprometeu a levar o proxecto das autocaravanas no POS do 2022. Sinala que os grupos entenderon que era mellor facer este proxecto e diminuír a partida do gasto corrente. Destaca que o tempo lle dá a razón ao goberno, non por ser adiviños senón que contaban con información da Deputación conforme ía haber POS adicional. Aclara que o ano pasado non o houbo polos problemas que xurdiron pola crise da COVID e a achega destinouse a sufragar gastos derivados desa problemática.

A concelleira do BNG, María Pilar Tubío, non entende en que lle ten que dar a razón e acláralle ao alcalde que o POS se aprobou cos votos do BNG e PP, cunha proposta do BNG. Informa que os concelleiros do PSOE se abstiveron, excepto a tenenta de alcalde que votou en contra.

O alcalde explica que o BNG realizou unha emenda ao POS, e conxuntamente co PP, sacaron unha partida destinada para gasto corrente (de 103.000,00 € a 32.000,00 €), para destinar ao proxecto das caravanas en Lariño. Considera que non era necesario realizar isto, posto que a Presidencia contaba con información conforme ía haber POS adicional.

A concelleira do BNG, María Belén Campos Díaz, faille saber ao alcalde que non podía ter esa información xa que nesa data o POS adicional non estaba aprobado.

O alcalde respóndelle que cogobernan na Deputación e que deberían saber que este ano ía haber POS complementario.

O concelleiro do BNG, Manuel Souto, solicita saber se é o mesmo o POS complementario que o POS adicional.

O alcalde respóndelle que pensa que é o mesmo.

O concelleiro do BNG, Manuel Souto, indícalle que no momento no que asinou un compromiso co PP para levar a cabo a obra das autocaravanas no POS, o alcalde non sabía que ía haber POS complementario, xa que nin o sabían os mesmos membros da Deputación. Puntualiza que cando tivo lugar o Pleno onde ao BNG lle realizou a emenda ao POS, daquela non estaba decidido na Deputación se ía haber POS complementario. Trasládalle que houbo outros anos

FIRMADO POR José Luis Veiga Sierra (FECHA: 05/01/2022 09:57:00) , Juan Manuel Saborido Rama (FECHA: 05/01/2022 11:54:00)
Versión imprimible
CVD: SUsUdYbNLS8ARlLbCUuv
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Telf.: 981 857032
Fax: 981 857251

que, sen existir a crise da COVID, tampouco se levou a cabo o POS complementario por non haber orzamento.

O concelleiro do PP, Agustín González, argumenta que se a presidencia non é capaz de cumprir cos compromisos escritos, cos orais menos. Así mesmo, indica que o seu grupo non ten ningún problema en aprobar esta proposta escrita neste momento.

A Presidencia argumenta que o equipo de goberno ten a súa opinión e que respecta a dos demais grupos políticos sobre este tema. Pero, considera que o que se pretendía era asfixiar a economía do Concello, xa que se diminuíu a partida de gasto corrente (luz, lixo, recursos humanos...). Informa que no ano 2019 se destinaron 160.000,00 € a gasto corrente.

A concelleira do BNG, María Pilar Tubío, corrixe ao alcalde e sinala que a cantidade destinada de gasto corrente nese ano foi de 210.000,00 €, 166.000, 00 € no POS principal e cincuenta e pico mil euros no POS adicional, deixándose de facer os proxectos da Tara e Estañeiras, que estaban incluídos naquel POS. Solicítalle ao alcalde que non diga que se afoga a economía municipal. Considera que o POS é un plan para executar obras, non para destinalo ao gasto corrente, polo que hai que dedicalo a realizar actuacións nos lugares que o precisen.

O alcalde acláralle que o POS tamén é un plan onde se pode incluír o gasto corrente

A concelleira do BNG, María Pilar Tubío, exponlle que se ten que conformar cos trinta mil que aprobou o Pleno por maioría absoluta. Volve a recordarlle as exposicións e votacións efectuadas naquel momento.

Non habendo máis intervencións, polo Presidente sométese a proposta a votación, co seguinte resultado:

Votos a favor: 11 (5 do grupo do do PsdeG-PSOE, 3 do grupo do PP e 3 do grupo do BNG).
Votos en contra: 0
Abstencións: 0

Consecuentemente, o presidente declara aprobada a proposta por unanimidade.

4. **Autorización de paso e ocupación a Unión Fenosa Distribuciones S.A. OBRA: LMTS, CTC, RBT Lugar de O Viso, expediente 2021/U022/000009, para mellorar o servizo dos veciños e edificio municipal.**

ANTECEDENTES

1. O 09/03/2021 (r.e. na sede núm. 202199900000136) UFD DISTRIBUCION ELECTRICIDAD, S.A., representada por Ana María Salgado López, presenta ante o Concello unha solicitude de licenza municipal para executar a instalación dun centro de transformación, unha liña de media tensión subterránea de 490 ml e liñas de baixa tensión subterráneas cunhas dimensións de 731 ml, para dotar de subministro o edificio cultural de O Viso e mellorar a calidade do servizo dos veciños da zona, segundo se indica na carpeta de permisos LMTS, CTC, RBT LUGAR DE O VISO S/NRBT LUGAR PANCHES S/Nº (CARNOTA) número de expediente

FIRMADO POR José Luis Veiga Sierra (FECHA: 05/01/2022 09:57:00) , Juan Manuel Saborido Rama (FECHA: 05/01/2022 11:54:00)
Versión imprimible
CVD: SUsUdYbNLS8ARlLbCUuv
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Telf.: 981 857032
Fax: 981 857251

UD618419110029, asinada polo enxeñeiro técnico industrial, Rubén Fervenza Nicolás, o 23/11/2020, cun presuposto de 154.636,13€.

Xúntase a solicitude, ademais da carpeta de permisos, declaración responsable presentada ante Augas de Galicia por canalizar 143 metros pola zona de policía do Río Louredo, xustificante do rexistro de ter presentado a declaración e nomeamento de María del Carmen Blanco Carracedo como directora da obra.

2. Con data de 23 de marzo de 2021, r.e. 202100000000534, remítese resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural autorizando a intervención solicitada, dado que se considera que as obras non teñen repercusión negativas sobre os bens a protexer: petróglifo de O Viso GA15020011, Vilar TO15020004 e Conxunto de hórreos en Vilar de Parada.

3. O 27 de abril de 2021, sae da Consellería de economía, empresa e innovación, Resolución da Xefatura Territorial da Coruña, Servizo de enerxía e minas, pola que se concede a autorización administrativa previa e de construción dunha instalación de distribución eléctrica no concello de Carnota

(expediente-e.: IN407A 2021/9-1).

4. Con data de 03/05/2021, rexistro 2021/774919, Augas de Galicia informa ó Concello de que se ten presentado unha declaración responsable para a execución dunha liña eléctrica, e xúntase copia da documentación que se ten aportado coa mesma.

5. Con data de 12/05/2021, r.e. 202199900000305, a interesada xunta ao expediente Autorización da AXI, Industria, Patrimonio e Declaración responsable ante Augas.

6. O 04/08/2021, asínase informe favorable do técnico municipal no que indica, entre outro, o seguinte:

"…**2.** As obras sitúanse dentro do solo rural de O Viso e discorren por vías públicas autonómicas e municipais.

3. As obras descritas enténdense como obras de conexión a un servizo urbanístico, polo que compren coa normativa urbanística municipal.

4. Consta no expediente nomeamento da técnica responsable das obras: María del Carmen Blanco Carracedo.

… As obras compren coa normativa municipal polo que INFORMO FAVORABLEMENTE á concesión da licenza municipal, condicionada ó cumprimento do indicado nos puntos anteriores e as autorización sectorias existentes…"

5. Con data de 24/08/2021 asínase informe xurídico na que se propón conceder autorización e licenza, e indicando entre outro relativo á autorización o seguinte:

FIRMADO POR José Luis Veiga Sierra (FECHA: 05/01/2022 09:57:00) , Juan Manuel Saborido Rama (FECHA: 05/01/2022 11:54:00)
Versión imprimible
CVD: SUsUdYbNLS8ARlLbCUuv
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Telf.: 981 857032
Fax: 981 857251

"… 1. A realización de obras dentro do dominio público (paso de canalización por camiño), necesita autorización por parte do titular do dominio público. En canto ó tramo que afecta a vía autonómica AC-550, o cruzamento e paralelismo na vía, punto quilométrico 21+030, está autorizado por resolución asinada o 07/05/2021 polo Xefe de Servizo provincial da AXI. En canto o tramos que afectan ás vías públicas municipais, segundo a documentación técnica presentada, informada favorablemente tecnicamente, estarase ao disposto no artigo 144.1 da LSG e o artigo 356.1 do decreto 143/2016, de 22 de setembro, que aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia nos que se dispón:

"… Cando os actos de edificación e uso do solo e do subsolo fosen realizados en terreos de dominio público, esixirase as autorizacións ou concesións preceptivas previas por parte do titular do dominio público. A falta de estas ou a súa denegación impedirá ó órgano competente outorgar licenza e o particular obter o título habilitante…"

… 4. A competencia para autorizar a ocupación e paso por vías e parcelas municipais, corresponde neste caso o Pleno de conformidade co artigo 22.2.l da Lei 7/1985, posto que a instalación do transformador implica, non só a extensión habitual das redes de servizos urbanos, senón que se produce un cambio na calificación xurídica dunha parcela municipal de uso público, gravando cunha carga a superficie afectada pola instalación…"

Polo exposto propoño a Pleno da Corporación o seguinte ACORDO:

1. Conceder a UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIONES SA, AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN E DE PASO para instalación dun Centro de transformación na parcela catastral n. **000313400MH94C**, execución de liña de media tensión subterránea de 490m e liñas de baixa subterráneas cunha extensión de 731 m, para mellorar o servizo dos veciños da zona e dotar de servizo eléctrico o edificio municipal de O Viso. Dita actuación realizarase segundo a documentación técnica xunta ao expediente LMTS,CTC, RBT O VISO S/N – Carnota n. 218419110029 asinada polo enxeñeiro Rubén Fervenza Nicolás; coas autorizacións de augas, estradas, patrimonio cultural e industria; e cos informes dos servizos técnicos municipais.

2. A autorización quedará sometida ao cumprimento das seguintes condicións:

- A autorización outorgarase a reserva das demais licenzas e autorizacións necesarias, sen prexuízo de terceiros e deixando a salvo os dereitos preexistentes sobre os terreos ou bens. En ningún caso suporá cesión do dominio público, nin asunción pola administración titular de responsabilidade algunha respecto da instalación.

- As actuacións poderán ser inspeccionadas en todo momento polo persoal da administración titular da estrada ou da que outorgou a autorización.

- Finalizadas as obras ou instalacións autorizadas, documentarase a súa terminación, estado e conformidade nos termos da autorización. No seu caso, farase constar as obxeccións de maneira pormenorizada e concederase un prazo proporcionado para a súa corrección.

- As autorización para a realización de obras, instalacións ou actividades na zona de dominio público outorgaranse por un prazo máximo de 10 anos.

FIRMADO POR José Luis Veiga Sierra (FECHA: 05/01/2022 09:57:00) , Juan Manuel Saborido Rama (FECHA: 05/01/2022 11:54:00)
Versión imprimible
CVD: SUsUdYbNLS8ARlLbCUuv
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Telf.: 981 857032
Fax: 981 857251

- As autorizacións outorgadas para a realización de obras instalación ou actividades na zona de dominio público poderán ser revocadas unilateralmente polo órgano que as outorgou en calquera momento por razóns de interese público, sen xerar dereito a indemnización, cando sexa necesario por calquera motivo de calquera obra que vaia a realizar a administración titular, e quedará obrigada a persoa solicitante a retirar a súa costa os elementos instalados.

- As autorizacións outorgadas para a realización das obras, instalacións ou actividades na zona de dominio público exclúen o abono á persoa interesada de calquera indemnización por razón dos danos e prexuízos ocasionados pola explotación e uso da estrada, incluídos os causados polo tráfico ou por calquera obra que se realice na estrada pola administración titular da mesma, incluídas as de conservación. Neste caso, a reposición das obras e elementos amparados pola autorización será a costa da persoa interesada.

- No que afecta ás vías públicas e ás súas servidumes, e/ou terreos de titularidade municipal, entenderase concedida en precario, sen implicar cesión, nin transmisión de dereitos que corresponden a esta Administración que poderá por causa xustificada ou razóns de interese público, modificar, suspender ou extinguir a mesma sen dereito a indemnización, quedando obrigados para tales supostos, o solicitante ou quen se subrogue na súa posición, cando sexan requiridos polo Concello de Carnota, a recuar, modificar ou trasladar as instalacións solicitadas que afectasen ás vías públicas, sen custe algún para esta administración e no prazo de tempo que se fixe. O Concello non verá limitado os seus dereitos sobre da vía nin terá ningún tipo de obriga con respecto da instalación.

- Unha vez executada a instalación debe repoñerse o firme do camiño e da parcela, en continuidade co existente e cos mesmos materiais.

- O paso ó transformador por parte da empresa distribuidora por parcela municipal será só admitido para reparacións e actividades de mantemento da instalación. Débese manter a instalación, en todo momento, nas condicións de ornato, uso e seguridade admisibles para asegurar o desfrute e seguridade dos usuarios do espazo público.

- Poñerse en contacto coa Policía Local que lle indicará a sinalización axeitada, horario de incidencia na vía e zona que pode ser ocupada para a execución.

- Todo de conformidade e con suxeición os artigos 47 e seguintes da Lei 8/2013.

Na quenda de intervencións a concelleira do BNG, María Pilar Tubío, considera que é un servizo para a veciñanza de San Mamede e incluso falaron con algún veciño e parécelle ben a actuación. Expón que ao BNG lle gustaría que se cambiase o proxecto no que respecta á localización do transformador, por estar demasiado preto da Escola de Música e das pistas de xogo dos rapaces. Explica que hai espazo público para colocalo lonxe destas zonas.

O concelleiro do PP quere saber onde vai colocado o transformador.

O alcalde explícalle que se sitúa detrás da Escola de Música, que é un proxecto moi esperado, posto que mellora as condicións da propia escola, que conta con luz de obra, e as deficiencias

FIRMADO POR José Luis Veiga Sierra (FECHA: 05/01/2022 09:57:00) , Juan Manuel Saborido Rama (FECHA: 05/01/2022 11:54:00)
Versión imprimible
CVD: SUsUdYbNLS8ARlLbCUuv
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Telf.: 981 857032
Fax: 981 857251

que veñen sufrindo a meirande parte dos veciños que viven na zona. Aclara que se sitúa nun sitio oculto, na parte de atrás.

A concelleira do BNG, María Pilar Tubío, di que se sitúa enfronte das escolas unitarias.

Os diferentes grupos consultan o plano para saber onde se localiza o transformador exactamente.

O concelleiro do BNG, Manuel Souto, considera a obra necesaria pero solicita que o transformador se sitúe máis lonxe.

A concelleira do BNG, María Pilar Tubío, pensa que se tiñan que facer consultas a veciñanza de San Mamede sobre este proxecto, convocala a unha asemblea e recrimina que non exista nin un só bando que informe sobre o asunto.

O concelleiro do PP solicita que a presidencia se comunique coa empresa que vai executar a obra para que traslade o transformador uns 3 ou 4 metros máis lonxe.

A concelleira do BNG, María Pilar Tubío, quere que se realice a modificación e se volva a traer a Pleno a nova proposta.

O concelleiro do PP, Agustín González, indica que isto retrasaría a execución das obras e insiste en que van votar a favor, pero, solicita que dende o Concello se poñan en contacto coa empresa para que retire o transformador uns tres ou catro metros para atrás.

Non habendo máis intervencións, polo Presidente sométese a proposta a votación, co seguinte resultado:

Votos a favor: 8 (5 do grupo do do PsdeG-PSOE e 3 do grupo do PP).
Votos en contra: 0
Abstencións: 3 do grupo do BNG.

Consecuentemente, o presidente declara aprobada a proposta por maioría absoluta.

II. PARTE DE CONTROL

1. Dar conta das resolucións do Alcalde desde a última sesión ordinaria.

A Corporación quedou informada das resolucións ditadas polo Alcalde desde a última sesión, que estiveron a disposición dos concelleiros e concelleiras desde a mesma data da convocatoria.

2. Rogos e preguntas.

PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG NO PLENO ORDINARIO que se vai celebrar o día 2 de setembro de 2021

FIRMADO POR José Luis Veiga Sierra (FECHA: 05/01/2022 09:57:00) , Juan Manuel Saborido Rama (FECHA: 05/01/2022 11:54:00)
Versión imprimible
CVD: SUsUdYbNLS8ARlLbCUuv
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Telf.: 981 857032
Fax: 981 857251

Presenta as seguintes **preguntas** para resposta oral en pleno.

EXPOSICIÓN

No pleno do día 1 do outubro do 2020 o alcalde comunica aos membros da corporación municipal a súa intención de non contestar no mesmo pleno as preguntas que formule a oposición. Para que as preguntas sexan contestadas neste pleno este grupo municipal opta por facer as preguntas por escrito, sen perxuizo das que poda facer no mesmo pleno.

As nosas preguntas son de interese xeral e moitas delas son preguntas que nos trasladan os nosos veciños e veciñas.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta en pleno:

1.- Que xestións está a facer o equipo de goberno para levar adiante o saneamento de Lariño?

A presidencia infórmalle que esta pregunta xa é repetitiva. Repóndelle que se reuniron con Augas de Galicia e con Ethel Vázquez. Así mesmo, aproveitando a visita do Presidente, con motivo da inauguración do Faro de Lariño, tamén lle comentou este tema e este respondeulle igual que Ethel Vázquez. Indicáronlle que conseguira financiamento da Deputación da Coruña co fin de realizar conxuntamente as obras entre a Xunta e a Deputación. O alcalde considera que debería realizarse para o ano, debido a cantidade de nominativas para o concello neste ano.

O alcalde realizou aclaracións con respecto á obra, faladas con Ethel Vázquez. No lugar de bombear dende Lariño ata Lira, abriuse a posibilidade de realizar unha microplanta depuradora, baseándose en estudos avanzados realizados pola Universidade de Santiago de Compostela. O único inconveniente que ve é que existe xa un proxecto aprobado de un millón e pico de euros. Explica que a Xunta achegaría o 80%.

A concelleira do BNG, María Pilar Tubío, aclara que o proxecto é de Augas de Galicia e sinálalle que botou en falta que a petición do saneamento para Lariño non a efectuara no discurso do alcalde diante do Presidente, posto que de forma privada tamén o pediran outras persoas. Sinala que o alcalde de Carnota debería facer esa reivindicación en Lariño publicamente.

O concelleiro do BNG, Manuel Souto, faille saber ao alcalde que a pregunta é repetitiva porque o tema tamén o é. Comenta que este ano foi especialmente gravoso, por determinadas circunstancias. Explica que o pobo de Lariño, igual que case toda Carnota, duplica a súa poboación e se se xuntan augas pluviais con augas fecais prodúcense malos olores. Cónstalle que o Concello recibiu protestas de habitantes de Lariño por cheiros insoportables, por non haber un saneamento axeitado. Incide que tamén se incrementaron os vertidos nos ríos. Considera que Augas de Galicia debería sancionarse a si mesmo porque son os responsables deses vertidos.

FIRMADO POR José Luis Veiga Sierra (FECHA: 05/01/2022 09:57:00) , Juan Manuel Saborido Rama (FECHA: 05/01/2022 11:54:00)
Versión imprimible
CVD: SUsUdYbNLS8ARlLbCUuv
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Telf.: 981 857032
Fax: 981 857251

O alcalde advírtelle que o organismo sancionado sempre é o Concello.

A concelleira do BNG, María Pilar Tubío, expresa que ata o momento por vertidos en Lariño non sancionaron ao Concello.

O alcalde acláralle que advertiron ao Concello por un problema de fecais xunta o faro.

A concelleira do BNG, María Pilar Tubío, considera que dende o Concello se debería recorrer esa sanción, por non haber saneamento.

O concelleiro do BNG, Manuel Souto, di que con el falou xente sobre o tema dos cheiros en Lariño.

A concelleira do PSOE, María Mercedes Noceda, explícalle que recibiu unha queixa dunha persoa, que estaba nun estado de desesperación, polos cheiros no interior da súa vivenda.

A concelleira visitou esa zona tres días na semana e manifesta que non cheiraba nada. Tamén preguntou a diversos veciños e veciñas da zona e declararon que non cheiraba nunca. Prosegue a súa intervención sinalando que esa persoa tamén protestou ante SEPRONA, pero non sabe en que estado se atopa esta denuncia.

O concelleiro do PSOE, Manuel Souto, quere saber se Mercedes Noceda falou co veciño, ex compañeiro de Prodemar.

A concelleira do PSOE, María Mercedes Noceda, respóndelle que si, e acláralle que a persoa que efectuou a denuncia lle comentou que estaría disposta a colocar unha fosa séptica. Dá por rematado o tema.

2.- Os veciños e veciñas de Carnota, nomeadamente os de Freán e Pedrafigueira veñen soportando os cheiros producidos pola conserveira de Lamas de Castelo, que xestións fixo o equipo de goberno para solucionar esta situación?

A presidencia indícalle que foron á conserveira falar coa xerencia. Manifesta que non hai nada líquido, xa que taparon calquera derrame que puidera haber, para evitar vertidos. Xustifica que os cheiros non son de vertidos, senón gasosos. Aclara que a propia depuradora emite gases que ao xuntarse con días nos que non hai ningún tipo de vento, funcionan como líquidos, que ocasionan os cheiros insoportables. A única solución que considera a empresa é dotar todo o recinto da depuradora cunha extracción, cun canón, como existe noutras conserveiras. A presidencia tamén lle indica que existen outras solucións pero con substancias prohibidas, polo que non se poden ter en conta. Explica que outro problema que existe responde a que os anteriores xestores, por aforrar custes, dedicáronse a acumular toneladas de cunchas de bivalvos. O proceso de retirar esa cantidade de cunchas tamén produce cheiros, e debe realizarse dunha maneira paulatina.

FIRMADO POR José Luis Veiga Sierra (FECHA: 05/01/2022 09:57:00) , Juan Manuel Saborido Rama (FECHA: 05/01/2022 11:54:00)
Versión imprimible
CVD: SUsUdYbNLS8ARlLbCUuv
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Telf.: 981 857032
Fax: 981 857251

O concelleiro do BNG, Manuel Souto, solicita ler unha contestación da actual xerencia da fábrica en agosto do ano pasado:

"En cuanto a los olores detectados estos días debo comunicar que son consecuencia de fallos puntuales que hemos tenido en el autómata que da la orden de puesta en marcha de los equipos de oxigenación del reactor biológico por lo que en determinados momentos no se producía la aireación. Nos quedan aún varios trabajos por realizar y que serán terminados a lo largo de estos meses. Actualmente el vertido de nuestra EDAR arroja valores incluso inferiores a los permitidos por ley para un vertido de unha depuradora como la nuestra. Repecto al tema de los olores, necesito tener operativos todos los aireadores del reactor biológico para evitar los malos olores."

O concelleiro do BNG, Manuel Souto, solicítalle que insistan para que dende a fábrica se tomen as medidas necesarias para paliar os cheiros que soporta a veciñanza, que non só de dan no verán, senón ao longo de todo o ano.

O alcalde infórmalle que estes episodios ocorren cando non hai ningún vento.

3.- Por que e en qué condicións se atopa traballando o monitor de deportes do concello no campamento de verán?

A concelleira do PSOE, María Mercedes Noceda, responde que ofertaron 50 prazas no campamento e, debido a alta demanda de participantes, decidiron que Fernando participara no campamento en calidade de coordinador e para ampliar en dez as prazas ofertadas inicialmente, con consulta ao secretario. Indica que xa o ano pasado se tomou a mesma decisión.

A concelleira do BNG, María Pilar Tubío, infórmalle que realizaron unha cesión ilegal de traballadores, e aclara que un empregado municipal non pode traballar para unha empresa privada.

O alcalde explícalle que non estaba traballando para unha empresa privada, coordinaba o campamento e ampliáronse os participantes en dez.

A concelleira do BNG, María Pilar Tubío, di que non estaba traballando para o Concello porque Fernando tiña unhas actividades programadas que se suspenderon. Le unha resposta que se deu dende o Concello:

" Actividades deportivas con Fernando. Estas actividades non se poderán dar nos días indicados porque o monitor está traballando para o campamento. O que non hai é monitor e cando fixemos o planning non sabiamos que non o iamos ter."

A concelleira do BNG insiste en que hai un monitor do Concello traballando para unha empresa privada. Un monitor que tiña planificadas unha actividades para os nenos do Concello deixou de facer as actividades.

FIRMADO POR José Luis Veiga Sierra (FECHA: 05/01/2022 09:57:00) , Juan Manuel Saborido Rama (FECHA: 05/01/2022 11:54:00)
Versión imprimible
CVD: SUsUdYbNLS8ARlLbCUuv
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Telf.: 981 857032
Fax: 981 857251

María Mercedes Noceda, concelleira do PSOE, volve a trasladarlle que se trataba do enlace do Concello coa empresa e que, a maiores, ampliaron as prazas do campamento en dez. Explica que foi a solución para que dez familias puidesen conciliar.

A concelleira do BNG, María Pilar Tubío, recrimina que xa se sabe como se concilia, cando houbo casos nos que se colleu a un irmán e a outro non.

As mencionadas concelleiras debaten sobre as mesmas cuestións.

4.- A que é debido a solicitude de un informe pericial de pinos en Lamas de Castelo?

A presidencia responde con outra pregunta sobre quen denunciou unha tala ilegal de pinos. A presidencia considera que non se trata dunha tala ilegal senón do cumprimento da Lei de prevención de incendios. Manifesta que os grupos da oposición saberán deste tema, xa que foron os que denunciaron.

A concelleira do BNG, María Pilar Tubío, responde que o seu grupo non denunciou nada.

O alcalde declara que chegou a denuncia da Fiscalía da Coruña e se contestou debidamente. Continúa explicando que, posteriormente, esta semana, chegou a mesma denuncia, pero desta vez, ante a Fiscalía de Santiago. O alcalde valora se puido haber algún erro por parte das Fiscalías. Así e todo, explícalle que se procedeu a contestar á Fiscalía de Santiago o mesmo que á Fiscalía da Coruña.

A concelleira do BNG, María Pilar Tubío, supón que o informe se solicitou para contestar á Fiscalía. Afirma que cando se cortaron os pinos non existiu ningún informe, non se sabía nin o volume, nin cantos se cortaron e que, ademais, se lle regalaron a un autónomo.

O alcalde insiste en saber quen denunciou.

A concelleira do BNG, María Pilar Tubío, volve a responder que o seu grupo non.

O alcalde solicita saber se foi o grupo do PP.

O concelleiro, Agustín González, indícalle que ten que contestar a unha pregunta, non formular outra pregunta.

O alcalde manifesta que esta situación é unha vergonza.

O concelleiro do BNG, Manuel Souto, solicita saber que é unha vergonza.

O alcalde respóndelle a falta de resposta por parte do PP.

5.- En que punto se encontran as subvencións das luminarias?

A presidencia responde que hai 4 proxectos en marcha, Rural 1, Rural 2, Litoral 1 e Litoral 2. Explica que se realizou a auditoría do Rural 1, que os datos derivados desta engadiranse

FIRMADO POR José Luis Veiga Sierra (FECHA: 05/01/2022 09:57:00) , Juan Manuel Saborido Rama (FECHA: 05/01/2022 11:54:00)
Versión imprimible
CVD: SUsUdYbNLS8ARlLbCUuv
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE CARNOTA

Praza San Gregorio, 19
15293 CARNOTA (A Coruña)
C.I.F.: P-1502000-A
Telf.: 981 857032
Fax: 981 857251

aos pregos e posteriormente sacarase a concurso. Indica que o enxeñeiro encargado de realizar o traballo de campo está traballando no Rural 2, e así, sucesivamente.

A concelleira do BNG, María Pilar Tubío, quere saber se a Deputación aprobou as subvencións nominativas.

O alcalde infórmalle que van ir ao Pleno da Deputación no mes de setembro.

6.- Xa se cederon aos veciños e veciñas de Cornido e a montaña os centros veciñais?

O alcalde responde que, con respecto ao centro veciñal de Cornido, está Doli tramitando a documentación para asinar o convenio. Sobre o centro social do Valadiño explica que non houbo, a día de hoxe, ningunha solicitude de cesión por parte de ningunha asociación.

7.- A día de hoxe en que estado se atopa a tramitación do PXOM?

O alcalde faille entrega de información e indica que foi facilitada pola empresa que está realizando o PXOM.

Finalmente, a presidencia faille saber aos grupos da oposición que este Pleno se correspondía co ordinario de xullo e acorda con estes convocar o ordinario de setembro, aínda que non haxa moitos asuntos que tratar na orde do día.

Non habendo máis asuntos que tratar, o presidente levanta a sesión, dándose por rematado o acto ás vinte horas e cincuenta e cinco minutos do día anteriormente expresado, estendéndose a presente acta. De todo o que, como secretario, dou fe.

O secretario, José Luis Veiga Sierra

O alcalde, Juan Manuel Saborido Rama

FIRMADO POR José Luis Veiga Sierra (FECHA: 05/01/2022 09:57:00) , Juan Manuel Saborido Rama (FECHA: 05/01/2022 11:54:00)
Versión imprimible
CVD: SUsUdYbNLS8ARlLbCUuv
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.